

GUADALUPE

RIANXO 2026

DO 11 AO 18 DE SETEMBRO

reizenolo

RIANXO

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

A Moreniña

XUNTA DE GALICIA

//ABANCA

Rianxo

Festas da Guadalupe

A actriz Lucía Veiga abre a troula en Rianxo

Co pregón da presidenta da Academia Galega do Audiovisual dan comezo esta noite oito días de festexos na honra da Virxe Moreniña, nos que actuarán corenta e catro formacións musicais

Suso Souto

O pregón da actriz Lucía Veiga, presidenta da Academia Galega do Audiovisual, abrirá hoxe ás 23.45 horas as Festas da Guadalupe de Rianxo, que se prolongarán ata o venres 18 e nas que actuarán 44 formacións musicais.

Previamente, ás 22.00, será a actuación de Virtual Project Cover Band.

Lucía Veiga, actriz, humorista e presentadora de televisión, é coñecida pola súa participación en programas da TVG como *Malicia noticias*, *Luar* e *Malo será*, e por papeis en series como *Rapa*, *Vivir sin permiso*, *Serramoura* ou *El desorden que dejas*.

Foi nominada aos Premios Goya polo seu papel en *Soy Nevenka*, e gañou tres Premios Mestre Mateo consecutivos polos seus traballos como comunicadora no programa *Malicia noticias*, e como actriz na serie *Rapa* e no filme *As Neves*.

Á medianoite terá lugar o Chupitase, de seguido, volverá a música con VídeoDJ 80's, 90's, 2000's, a cargo de SerieB Music, e Xinho.

Mañá sábado haberá alboradas a cargo da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla (que actuará tamén pola tarde) e Trécola. Ao mediodía, Ramón González Iglesias *Xixí*, que organizou as Festas da Guadalupe durante 34 anos, recibirá a Medalla de Ouro do Concello. A sesión vermú estará amenizada pola orquestra Platinum.

Ás 19.00 actuará Zeltia Irevire, e ás 20.00 Fogo Fatuo. Na capela de Guadalupe celebrárase a novena ás 19.30,

e media hora despois será o Certame de Corais no auditorio, coa Coral Abraira. A noite amenizarana a charanga Brass-Ass, Mariachi Perla, Platinum, a Verbena Sinfónica da Banda da Escola de Música de Rianxo, Capitán Sabrosura e DJ Nexxa.

A xornada do domingo 13 comezará coas alboradas da Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia e a Banda de Gaitas Buxaina. Ao mediodía oficiarase a misa solemne, cantada pola Coral Abraira, seguida ás 13.00 pola tradicional procesión marí-

‘Xixi’ recibirá mañá ao mediodía a Medalla de Ouro do Concello tras trinta e catro anos organizando as festas

tima. A Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia dará un concerto ás 18.00, e logo actuarán os grupos Arena e Vai de Roda. A verbena estará amenizada pola orquestra Galilea e o grupo La banda de ayer, dando paso á medianoite aos fogos de artifício.

O luns 14 arrincará ao ritmo da Banda de Música Cultural de Arcade. Ás 11.30 comezarán os xogos das Juadalupeñas. Tras a sesión vermú con Unión y fuerza, serán o Festivaliño e os cantos populares de Cántalle a Rianxo, con Río de Anxo. Na verbena actuarán Unión y fuerza e Cayenna.

O martes 15, os gaiteiros O Son do Río animarán as rúas; o Paseo da

Ribeira acollerá a Soccer Experience ao mediodía con Escola Vella. O dúo Dilema amenizará a sesión vermú.

Pola tarde celebráranse os actos do Día de Padrón, coa participación da banda de Rianxo e o concerto da de Padrón e a actuación de Fanfarria Furruxa. Haberá tamén un taller de freestyle e concertos de rap en galego. A verbena contará coa orquestra Charleston e La última legión.

O mércores 16 haberá Feira do Circo; o espectáculo infantil *O show de Fifo*; sesión vermú coa orquestra Solara; Xantar dos Nossos Maiores, coa actuación de José Manuel Domínguez; concerto da Banda de Música de Arca; tardeo con Malezza; bailes latinos con El Tomasón; o espectáculo circense *Unha de piratas*; música con Bando das Gaitas de Portugal; e verbena con Solara e Cinema.

O día 17, Feirón Mariñeiro

O xoves 17 a vila retrocederá no tempo co Feirón Mariñeiro. A sesión vermú estará amenizada por Cé Orquestra Pantasma e o trío Alborada. Pola tarde actúa Paxaro Pinto. Na Noite Folck actuarán Mediarea e Boavila e, na verbena, Arizona e Gran Parada.

O venres 18 estará dedicado aos cativos, con inchables, Festa da Espuma e Verbena Infantil con Pakolas e as Tripulantes. Eureka amenizará a sesión vermú, e as orquestras Trébol e Ritmo Joven a verbena, xunto a Eureka. A festa rematará coa Noite das Bengalas e o canto da *Rianxeira*. ■

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL



A actriz Lucía Veiga será esta noite a preegoeira das Festas da Guadalupe de Rianxo.

CEDIDA



O Calendario Guadalupeiro ten trece meses: de setembro a setembro.

FUENTES
CONSTRUCTORA

Cruceiro, 32 Taragoña
C.P. 15985 Rianxo (A Coruña)
T. 981 862 334 | 659 236 079

• Construcción en general • Restauración de viviendas
• Obras de cantería en: Granito País y Porriño, Mampostería

admin@constructorafuentes.es | www.constructorafuentes.es

Librería Cándido

A TENDA CENTENERIA DE RIANXO A LIBRARIÁ MÁIS ANTIGA DE GALICIA

• Librería • Prensa • Papelería • Fotocopias
• Publicidade impresa • Xoguetería

Deséxalles a clientes e amigos boas festas de Guadalupe

Rúa do Medio, 1 • RIANXO (A Coruña)
libreriacandidorianxo@gmail.com • T/F. 981 860 088

OTERO Y LOSADA S.L.

Trabajos metálicos | Trabajos en poliéster
Desbroces forestales

Bodión, s/n - ABANQUEIRO - 15938 - Boiro (A Coruña)
981 844 424 | oteroylosada@gmail.com